

1. INTRODUCCIÓN E NORMATIVA

Igualdade de Xénero: secuencia didáctica completa é unha aula virtual para a materia de libre configuración autonómica Igualdade de Xénero destinada ao alumnado de 1º e 2º da ESO. Foi desenvolvida por María Teresa Bouza Pérez (profesora de Ensino Primario, especialidade de Pedagogía Terapéutica) e Félix Longueira Fafián (profesor de Ensino Secundario, especialidade de Xeografía e Historia), durante unha licenza de formación desfrutada nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2019.

A secuencia didáctica alóxase nunha aula virtual do portal do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) da Consellaría de Educación.

A materia de Igualdade de Xénero incorporouse á Educación Secundaria Obrigatoria da Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2016/2017, en virtude da Orde do 13 de xullo de 2016 (publicada no DOG do 4 de agosto). Esta orde complementaba á do 15 de xullo de 2015 que relacionaba as materias de libre configuración autonómica nas aulas de secundaria e bacharelato.

No artigo 2.2 da orde do 13 de xullo de 2016 establécese que a materia “*poderá ofrecerse en primeiro e/ou segundo curso de educación secundaria obrigatoria. O alumnado poderá cursala nun dos cursos segundo a oferta establecida polo centro docente*”. Pretendemos, por tanto, presentar materiais curriculares que sexan usados indistintamente por estudantes de 1º e 2º ESO, posto que nin en maduración intelectual e emocional nin en coñecemento da realidade social existen grandes diferenzas entre o alumnado destes cursos.

Asemade, o decreto fixaba para a materia “*unha carga horaria dun período lectivo semanal*”, isto é, unhas trinta e cinco sesións lectivas por curso.

Na introdución ao currículo da materia na Orde do 13 de xullo de 2016 facíase constar que “*a pesar de que nas últimas décadas se produciron importantes avances na eliminación das desigualdades por razón de xénero*”, son múltiples as evidencias que demostran que a nosa continúa a ser unha sociedade patriarcal. Sinalábase tamén como “*moitas destas mostras reproducense tamén entre o alumnado máis novo*”, un feito que numerosos estudos evidencian nos últimos anos.

Nos informes realizados polo Centro Reina Sofía¹ sobre valores, actitudes e condutas da mocidade en abril de 2017, arredor dun 27% da poboación entre 15 e 29 anos considera que é moderada ou altamente normal a existencia de violencia de xénero no ámbito de parella². Ese mesmo informe sinalaba que esta percepción era aínda lixeiramente maior entre o alumnado que se encontraba cursando a ESO.

Cando se pregunta pola diferenza de oportunidades das mulleres no ámbito laboral ou político, a maioría de enquisadas/os apreciaban maiores dificultades para as mulleres. Ende ben, todos os índices rexistran que entre un cuarto e un terzo de enquisadas/os percibían mellores oportunidades para as mulleres, a pesar das evidencias. Paradoxalmente, menos dun 20% pensa que as mulleres teñen menos oportunidades de ser felices que os homes. Ademais

¹ O Proxecto Scopio é unha iniciativa do *Centro Reina Sofía sobre Adolescencia y Juventud*. Baséase en máis de 1200 enquisas electrónicas a mozas e mozos de entre 15 e 29 anos realizadas no mes de abril de 2017. As conclusións do estudo fixéronse públicas en novembro de 2017.

² *Barómetro do Proxecto Scopio, Datos de Xénero*. Os datos empregados proceden deste informe, agás que se indique o contrario. http://www.proyectoscopio.es/images/barometro/2017_III.pdf

a igualdade entre homes e mulleres interesa a máis do 53% de enquisadas/os³: trátase do aspecto da esfera pública que concita maior interese entre a mocidade española.

Ante a necesidade de explicar estes datos entendemos que seguen a abundar as falsas crenzas arredor da igualdade de xénero entre a mocidade, a pesar dos avances neste ámbito. Ao tempo, e como resulta evidente das recentes mobilizacións co gallo do 8 de marzo ou da sentenza do caso *La Manada*, existe unha demanda de información arredor da igualdade de xénero, así como unha vontade de transformación dunha realidade que se percibe inxusta. Serán estes dous os obxectivos prioritarios da proposta presentada.

Porén, se destes datos se extrae a evidente necesidade de implantar unha materia como a de Igualdade de Xénero, resulta rechamante a carencia dun material didáctico elaborado *ex profeso*, secuenciado e organizado con actividades, instrumentos de avaliación... Este aspecto, na nosa opinión, relega a materia a un segundo plano, pois é indubidable o trastorno que supón para calquera docente o feito de non contar cun material de referencia a partir do cal poder preparar a súa propia proposta didáctica. Outro inconveniente é as consecuencias que pode ter de cara á calidade da materia, que quedará a expensas da formación na materia ou da boa vontade do profesorado encargado de impartila.

2. ASPECTOS CURRICULARES

2.1. Unidades didácticas que compoñen o recurso

Para poder paliar todas estas dificultades elaboramos esta secuencia didáctica atendendo estritamente ao currículo da materia presentado na devandita orde. Este currículo divídese en catro grandes bloques, cuxa importancia mídese en función dos bloques de contidos que lles asignan as/os redactoras/es:

- A construción social das identidades sexuais e de xénero: 8 grupos de contidos.
- Relacións de xénero e afectividade: 11 bloques de contidos.
- Da discriminación á igualdade de oportunidades: 6 bloques de contidos.
- Cara a unha sociedade sen violencia machista: 6 bloques de contidos.

Tendo en conta esta distribución acordamos dividir a nosa secuencia didáctica para a materia en nove unidades didácticas, cada unha con varios apartados:

1. O patriarcado: unha forma machista de organización da sociedade
 - a) Patriarcado e heteropatriarcado
 - b) O heteropatriarcado na sociedade occidental
 - c) A orixe das sociedades patriarcais
 - d) Formas de organización social alternativas ao patriarcado
2. As mulleres na sociedade: unha historia de ocultación
 - a) Androcentrismo
 - b) A invisibilización da muller e doutras minorías
 - c) O traballo feminino
 - d) Discriminación laboral, fenda salarial e teito de vidro

³ Barómetro do Proxecto Scopio, novembro de 2017, páxina 27. <http://www.proyectoscopio.es/images/barometro/2017.pdf>

3. Sexo biolóxico, expresión de xénero e identidades de xénero
 - a) Diferenza entre sexo e xénero
 - b) Proceso de socialización e estereotipos de xénero
 - c) Sexo biolóxico, expresión de xénero e identidades de xénero
 - d) Roles de xénero e a súa influencia no proxecto vital
4. As relacións afectivas
 - a) A desigual expresión dos afectos e as emocións
 - b) Modelos de relacións afectivas
 - c) Mitos do amor romántico
 - d) Bos tratos vs relacións tóxicas
 - e) Estratexias para a resolución de conflitos
5. A sexualidade: respecto e consentimento
 - a) A construción da identidade sexual
 - b) As orientacións sexuais
 - c) A sexualidade dominante e roles de xénero
 - d) A pornografía como modelo de dominación sexual
 - e) O papel das redes sociais
 - f) Sexo, embarazo e ETS's
6. Novas masculinidades: os homes que veñen
 - a) O papel dos homes na consecución da igualdade
 - b) Os homes ante o espello: desaprendendo vellos modelos
 - c) Pistas para unha revolución masculina
7. No camiño a unha sociedade igualitaria: a longa marcha
 - a) Aclarando termos: feminismo, machismo, hembrismo, feminazi.
 - b) Os inicios do feminismo: das precursoras ás sufraxistas
 - c) A segunda onda feminista: o persoal é político
 - d) Terceira e cuarta onda feminista: o feminismo transversal
8. Os rostros da violencia machista: cara unha sociedade sen violencia
 - a) Que é a violencia de xénero
 - b) O iceberg da violencia de xénero: dos micromachismos aos asasinatos machistas
 - c) O ciclo da violencia: consecuencias para as vítimas
 - d) Sinais de alerta na mocidade: control e redes sociais
 - e) Falsas crenzas asociadas á violencia de xénero
 - f) Como actuar ante a violencia de xénero

9. Mudando a pel: a práctica da igualdade

- a) Igualdade real vs igualdade formal
- b) Políticas sociais e accións positivas
- c) A linguaxe inclusiva, instrucións de uso
- d) Movements asociativos pola igualdade

Esta ordenación e deseño das unidades didácticas responde á seguinte lóxica interna:

As unidades 1 e 2 pretenden unha contextualización histórica da situación das mulleres nas distintas sociedades tradicionais e nas sociedades modernas até a II Guerra Mundial. Nestas unidades tratamos de trasladar ás/aos estudantes que o patriarcado non é a única forma de organización da sociedade, senón que é un produto de relacións dialécticas propias das distintas culturas e polo tanto, unha estrutura social que se modifica co tempo e que debe desaparecer en prol dunha organización social igualitaria.

As Unidades 3, 4 e 5 céntrase nas identidades sexuais e de xénero e a súa expresión nas relacións afectivas e sexuais. Arrancam nas atribucións que estes conceptos reciben nas sociedades tradicionais e desembocamos na reformulación destes conceptos que se realiza nas sociedades democráticas modernas.

De paso, as unidades 3-5 fan de ponte ás unidades 6-9, onde se trata da situación da igualdade de xénero na actualidade. Faise un repaso pola historia do movemento feminista desde a II Guerra Mundial –o momento en que a igualdade se incorpora de maneira definitiva ao acervo de valores fundamentais das sociedades democráticas– até a actualidade, expóñense os logros reais no ámbito de igualdade e as ameazas que aínda enfronta e propóñense pautas de comportamento igualitarias. Decidimos comezar este bloque polos novos modelos de masculinidade por estaren estes intimamente ligados ás novas concepcións das relacións de parella e á expresión moderna da sexualidade.

2.2. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave

Estas unidades recollen minuciosamente o currículo da materia. A tal efecto, elaboramos os cadros que seguen para sintetizar a relación entre as unidades e os *ítem* curriculares:

CADRO 1: RELACIÓN DE UNIDADES, OBXECTIVOS E CONTIDOS		
UNIDADES	OBXECTIVOS	CONTIDOS
Unidade 1: O patriarcado	<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • g • h • l • m • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Igualdade formal e igualdade real. • B1.7. Estereotipos de masculinidade, feminidade, maternidade e paternidade. Diversidade de modelos familiares.
Unidade 2:	<ul style="list-style-type: none"> • a 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.3. Feminismo e machismo.

<p>As mulleres na sociedade</p>	<ul style="list-style-type: none"> • b • c • d • e • g • h • l • m • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B3.4. Visibilidade das mulleres nos distintos eidos (historia, cultura, ciencia...) e recoñecemento da súa contribución en diversas esferas sociais.
<p>Unidade 3: Sexo biolóxico, expresión de xénero e identidades de xénero</p>	<ul style="list-style-type: none"> • a • c • d • e • g • h • l • m • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Sociedade e xénero. Diferenza entre sexo e xénero. • B1.4. Sexismo, roles de xénero e estereotipos. • B1.5. O proceso de socialización. Interiorización dos roles de xénero. • B1.8. Os axentes de socialización na transmisión de estereotipos e prexuízos sexistas. • B3.6. Alternativas para acadar a igualdade real de mulleres e homes (políticas sociais, cambio xeracional, cambio persoal...).
<p>Unidade 4: As relacións afectivas</p>	<ul style="list-style-type: none"> • a • b • c • d • e • g • h • l • m • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B.2.1. As relacións entre sexos: expresión das emocións e dos afectos. • B.2.2. Atracción, mitos e modelos de amor. • B.2.3. As relacións de parella e relacións de poder. • B.2.4. Outras alternativas: novas masculinidades e feminidades. Deconstrución de roles. • B2.8. O trato igualitario nas relacións afectivas e sexuais. • B2.9. Respecto e comprensión nas relacións afectivas entre os sexos. • B2.10. Estratexias de análise e resolución de conflitos. • B3.6. Alternativas para acadar a igualdade real de mulleres e homes (políticas sociais, cambio xeracional, cambio persoal...).
<p>Unidade 5: A sexualidade</p>	<ul style="list-style-type: none"> • a • b • c • d • e • g • h • l • m • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.6. A construción das identidades sexuais e de xénero na adolescencia. Consecuencias no proxecto vital. • B.2.4. Outras alternativas: novas masculinidades e feminidades. Deconstrución de roles. • B2.5. A construción social da sexualidade dende a perspectiva de xénero. • B2.6. As relacións afectivas e sexuais: o papel do home e da muller na sexualidade dominante. • B2.7. Orientacións e identidades na sexualidade: construción social dende estereotipos de xénero. • B2.8. O trato igualitario nas relacións afectivas e sexuais. • B2.11. Novas maneiras de relacionarse: oportunidades e riscos para a igualdade no mundo dixital. • B3.6. Alternativas para acadar a igualdade real de mulleres e homes (políticas sociais, cambio xeracional, cambio persoal...).
<p>Unidade 6:</p>	<ul style="list-style-type: none"> • a 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.3. Feminismo e machismo.

<p>Novas masculinidades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • c • d • e • g • h • l • m 	<ul style="list-style-type: none"> • B.2.1. As relacións entre sexos: expresión das emocións e dos afectos. • B.2.2. Atracción, mitos e modelos de amor. • B.2.3. As relacións de parella e relacións de poder. • B.2.4. Outras alternativas: novas masculinidades e feminidades. Deconstrución de roles. • B3.6. Alternativas para acadar a igualdade real de mulleres e homes (políticas sociais, cambio xeracional, cambio persoal...).
<p>Unidade 7: No camiño a unha sociedade igualitaria</p>	<ul style="list-style-type: none"> • a • b • c • d • e • g • h • l • m • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Igualdade formal e igualdade real. • B1.3. Feminismo e machismo. • B3.1. Dereitos humanos e igualdade. A evolución e a conquista dos dereitos. • B3.2. O principio de igualdade e non discriminación. • B3.3. Evidencias da discriminación das mulleres nos ámbitos público e privado. • B3.6. Alternativas para acadar a igualdade real de mulleres e homes (políticas sociais, cambio xeracional, cambio persoal...).
<p>Unidade 8: Os rostros da violencia machista</p>	<ul style="list-style-type: none"> • a • b • c • d • e • g • h • l • m • n • o 	<ul style="list-style-type: none"> • B.2.1. As relacións entre sexos: expresión das emocións e dos afectos. • B.2.2. Atracción, mitos e modelos de amor. • B.2.3. As relacións de parella e relacións de poder. • B2.6. As relacións afectivas e sexuais: o papel do home e da muller na sexualidade dominante. • B2.7. Orientacións e identidades na sexualidade: construción social dende estereotipos de xénero. • B2.8. O trato igualitario nas relacións afectivas e sexuais. • B2.11. Novas maneiras de relacionarse: oportunidades e riscos para a igualdade no mundo dixital. • B4.1. A violencia machista como consecuencia da desigualdade. A escalada da violencia machista: dende o micromachismo á agresión. • B4.2. Identificación e recoñecemento de distintos tipos de violencia machista. As consecuencias nas persoas que a sofren. • B4.3. Sinais de alerta na mocidade. Detección e prevención de condutas violentas en relación co xénero. • B4.4. Rexeitamento das condutas violentas por razón de xénero. • B4.5. A trata de persoas e a escravitude sexual como forma de violencia contra as mulleres. • B4.6. Solucións para saír da espiral da violencia.
<p>Unidade 9: Mudando a pel</p>	<ul style="list-style-type: none"> • a • b • c • d • e 	<ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Igualdade formal e igualdade real. • B3.5. A linguaxe inclusiva dende a perspectiva de xénero. Criterios de uso. • B3.6. Alternativas para acadar a igualdade real de mulleres e homes (políticas sociais, cambio xeracional, cambio persoal...).

	<ul style="list-style-type: none"> • g • h • l • m • o 	
--	---	--

CADRO 2: RELACIÓN DE UNIDADES E CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
UNIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN QUE SE CONTEMPLAN
Unidade 1: O patriarcado	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Comprender os conceptos básicos do ámbito da igualdade aplicándoos á vida real. • B1.3. Analizar tipos de familias do contorno máis próximo, rexeitar situacións de discriminación e desigualdade e identificar a influencia dos diversos axentes de socialización (TV, prensa, noticias en internet...).
Unidade 2: As mulleres na sociedade	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Comprender os conceptos básicos do ámbito da igualdade aplicándoos á vida real. • B3.4. Coñecer e valorar o papel das mulleres ao longo da historia e no tempo contemporáneo, así como o proceso de ocultación sufrida.
Unidade 3: Sexo biolóxico, expresión de xénero e identidades de xénero	<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. Comprender os conceptos básicos do ámbito da igualdade aplicándoos á vida real. • B1.2. Comprender o proceso de socialización na construción das identidades de xénero. • B1.3. Analizar tipos de familias do contorno máis próximo, rexeitar situacións de discriminación e desigualdade e identificar a influencia dos diversos axentes de socialización (TV, prensa, noticias en internet...). • B3.6. Incorporar as principais aprendizaxes á realidade persoal e social.
Unidade 4: As relacións afectivas	<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Recoñecer situacións de desigualdade na expresión das emocións e dos afectos e propoñer alternativas dende o respecto. • B2.3. Comprender e valorar novas maneiras de relacionarse e de convivir dende o trato igualitario e positivo e transferir as estratexias e aprendizaxes á propia realidade persoal. • B3.6. Incorporar as principais aprendizaxes á realidade persoal e social.
Unidade 5: A sexualidade	<ul style="list-style-type: none"> • B1.2. Comprender o proceso de socialización na construción das identidades de xénero. • B2.1. Recoñecer situacións de desigualdade na expresión das emocións e dos afectos e propoñer alternativas dende o respecto. • B2.2. Recoñecer a sexualidade e a súa construción como un proceso persoal e vital e rexeitar condicionamentos non igualitarios na súa expresión e desenvolvemento respecto do modelo dominante. • B2.3. Comprender e valorar novas maneiras de relacionarse e de convivir dende o trato igualitario e positivo e transferir as estratexias e aprendizaxes á propia realidade persoal. • B3.6. Incorporar as principais aprendizaxes á realidade persoal e social.

<p>Unidade 6: Novas masculinidades</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● B1.1. Comprender os conceptos básicos do ámbito da igualdade aplicándoos á vida real. ● B1.5. O proceso de socialización. Interiorización dos roles de xénero. ● B2.1. Recoñecer situacións de desigualdade na expresión das emocións e dos afectos e propoñer alternativas dende o respecto. ● B3.6. Incorporar as principais aprendizaxes á realidade persoal e social.
<p>Unidade 7: No camiño a unha sociedade igualitaria</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● B1.1. Comprender os conceptos básicos do ámbito da igualdade aplicándoos á vida real. ● B3.1. Coñecer os dereitos humanos fundamentais. ● B3.2. Extraer conclusións sobre a diferente participación de homes e mulleres nos distintos ámbitos sociais. ● B3.3. Identificar a participación de mulleres e homes nos ámbitos público e privado, recoñecendo a diversidade de situacións discriminatorias cara ás mulleres e analizando as consecuencias negativas para o desenvolvemento da autonomía persoal. ● B3.6. Incorporar as principais aprendizaxes á realidade persoal e social.
<p>Unidade 8: Os rostros da violencia machista</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● B2.1. Recoñecer situacións de desigualdade na expresión das emocións e dos afectos e propoñer alternativas dende o respecto. ● B2.2. Recoñecer a sexualidade e a súa construción como un proceso persoal e vital e rexeitar condicionamentos non igualitarios na súa expresión e desenvolvemento respecto do modelo dominante. ● B2.3. Comprender e valorar novas maneiras de relacionarse e de convivir dende o trato igualitario e positivo e transferir as estratexias e aprendizaxes á propia realidade persoal. ● B3.6. Incorporar as principais aprendizaxes á realidade persoal e social. ● B4.1. Comprender que as distintas desigualdades derivan en discriminacións e violencias. ● B4.2. Identificar, recoñecer e analizar as consecuencias dos distintos tipos de violencia machista. ● B4.3. Identificar os diversos sinais de alerta para detectar e prever a violencia machista nas relacións interpersoais propias e/ ou do seu contorno. ● B4.4. Buscar exemplos da trata de mulleres e nenas en distintos medios audiovisuais e escritos. ● B4.5. Demostrar solidariedade con todas as vítimas da violencia machista.
<p>Unidade 9: Mudando a pel</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● B1.1. Comprender os conceptos básicos do ámbito da igualdade aplicándoos á vida real. ● B3.5. Coñecer e aplicar os mecanismos de uso da linguaxe inclusiva. ● B3.6. Incorporar as principais aprendizaxes á realidade persoal e social.

CADRO 3: RELACIÓN DE UNIDADES, ESTÁNDARES E COMPETENCIAS

UNIDADES	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS
Unidade 1:	<ul style="list-style-type: none"> ● IGUB1.1.1. Observa as diferenzas nas escollos entre 	<ul style="list-style-type: none"> ● CCEC

O patriarcado	mulleres e homes en situacións reais no ámbito do lecer (xogo, deporte...).	<ul style="list-style-type: none"> • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB1.1.2. Analiza as causas que determinan as escollas das mulleres e dos homes. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB1.1.3. Valora a igualdade na toma de decisións e rexeita estereotipos e prexuízos sexistas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB1.3.1. Identifica distintos modelos de familias e recoñece estereotipos na sociedade poñendo exemplos tirados de distintos ámbitos (familia, escola, amizade, medios de comunicación...). 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCEC • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB1.3.2. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CSIEE • CCEC • CSC
Unidade 2: As mulleres na sociedade	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB1.1.1. Observa as diferenzas nas escollas entre mulleres e homes en situacións reais no ámbito do lecer (xogo, deporte...). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB1.1.2. Analiza as causas que determinan as escollas das mulleres e dos homes. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB1.1.3. Valora a igualdade na toma de decisións e rexeita estereotipos e prexuízos sexistas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB3.4.1. Consulta e utiliza, de forma autónoma, fontes de información básicas (dixitais e outras) para a realización de traballos sinxelos sobre o labor de mulleres representativas nalgúns dos campos do coñecemento, da realización persoal, do lecer... 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA
Unidade 3: Sexo biolóxico, expresión de xénero e identidades de xénero	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB1.1.1. Observa as diferenzas nas escollas entre mulleres e homes en situacións reais no ámbito do lecer (xogo, deporte...). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB1.1.2. Analiza as causas que determinan as escollas das mulleres e dos homes. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB1.1.3. Valora a igualdade na toma de decisións e rexeita estereotipos e prexuízos sexistas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB1.2.1. Compara os modelos de comportamento que representan homes e mulleres no seu contorno (familia, escola, amizades...) e analiza como inflúen no proxecto de vida. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCEC • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB1.3.1. Identifica distintos modelos de familias e 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA

	recoñece estereotipos na sociedade poñendo exemplos tirados de distintos ámbitos (familia, escola, amizade, medios de comunicación...).	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB1.3.2. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CSIEE • CCEC • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB3.6.1. Identifica actitudes positivas propias ou no seu contorno situacións de cambio que conduzan á igualdade entre os sexos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB3.6.2. Realiza propostas para conseguir a ampliación de dereitos e acadar así a igualdade real e efectiva, así como a visibilidade social da muller. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSIEE • CSC
Unidade 4: As relacións afectivas	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB2.1.1. Nomea distintos estados emocionais e pon exemplos en situacións reais ou simuladas de relacións afectivas con trazos negativos ou de dependencia. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB2.1.2. Distingue distintos tipos de relacións afectivas entre persoas (amizade, atracción, relación de parella) a partir de situacións dadas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB2.1.3. Identifica modelos de relación tradicionais de parella a partir de exemplos reais que propoñan ou situacións simuladas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB2.1.4. Compara distintos modelos de relacións, a partir de diferentes produtos audiovisuais (curtas, series de TV, música...), identifica os seus condicionamentos e valora a diversidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB2.3.1. Identifica condutas e estratexias de respecto e comprensión nas relacións afectivas e sexuais a partir de casos prácticos ou debates. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB2.3.2. Procura fórmulas para resolver os conflitos a través da escoita activa, a asertividade, a empatía e o diálogo construtivo. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB2.3.3. Identifica as posibilidades que ofrecen as TIC como medio de comunicación e interacción entre iguais a través de exemplos comúns e utilízalas sen incorrer en desigualdades nin riscos para a propia integridade e a dos demais. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB2.3.4. Participa de maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD

	interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando de xeito igualitario.	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSIEE • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB3.6.1. Identifica actitudes positivas propias ou no seu contorno situacións de cambio que conduzan á igualdade entre os sexos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB3.6.2. Realiza propostas para conseguir a ampliación de dereitos e acadar así a igualdade real e efectiva, así como a visibilidade social da muller. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSIEE • CSC
Unidade 5: A sexualidad e	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB1.2.1. Compara os modelos de comportamento que representan homes e mulleres no seu contorno (familia, escola, amizades...) e analiza como inflúen no proxecto de vida. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCEC • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB2.1.1. Nomea distintos estados emocionais e pon exemplos en situacións reais ou simuladas de relacións afectivas con trazos negativos ou de dependencia. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB2.1.2. Distingue distintos tipos de relacións afectivas entre persoas (amizade, atracción, relación de parella) a partir de situacións dadas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB2.1.3. Identifica modelos de relación tradicionais de parella a partir de exemplos reais que propoñan ou situacións simuladas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB2.1.4. Compara distintos modelos de relacións, a partir de diferentes produtos audiovisuais (curtas, series de TV, música...), identifica os seus condicionamentos e valora a diversidade. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB2.2.1. Identifica e diferencia distintos ámbitos da sexualidade a partir de exemplos reais ou simulados axeitados para a súa etapa evolutiva, recoñecendo estereotipos culturais e posibles desigualdades. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB2.2.2. Compara os roles do home e da muller nas relacións afectivas e sexuais no modelo dominante a través de imaxes ou vídeos propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CD • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB2.3.1. Identifica condutas e estratexias de respecto e comprensión nas relacións afectivas e sexuais a partir de casos prácticos ou debates.IGUB2.3.2. Procura fórmulas para resolver os conflitos a través da escoita activa, a asertividade, a empatía e o diálogo construtivo. 	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB2.3.3. Identifica as posibilidades que ofrecen as TIC como medio de comunicación e interacción entre iguais a través de exemplos comúns e utilízalas sen 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CSC

	<p>incurrir en desigualdades nin riscos para a propia integridade e a dos demais.</p>	
	<ul style="list-style-type: none"> ● IGUB2.3.4. Participa de maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando de xeito igualitario. 	<ul style="list-style-type: none"> ● CCL ● CD ● CAA ● CSIEE ● CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ● IGUB3.6.1. Identifica actitudes positivas propias ou no seu contorno situacións de cambio que conduzan á igualdade entre os sexos. 	<ul style="list-style-type: none"> ● CAA ● CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ● IGUB3.6.2. Realiza propostas para conseguir a ampliación de dereitos e acadar así a igualdade real e efectiva, así como a visibilidade social da muller. 	<ul style="list-style-type: none"> ● CCL ● CSIEE ● CSC
Unidade 6: Novas masculinidades	<ul style="list-style-type: none"> ● IGUB1.1.1. Observa as diferenzas nas escollas entre mulleres e homes en situacións reais no ámbito do lecer (xogo, deporte...). 	<ul style="list-style-type: none"> ● CCEC ● CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ● IGUB1.1.2. Analiza as causas que determinan as escollas das mulleres e dos homes. 	<ul style="list-style-type: none"> ● CCEC ● CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ● IGUB1.1.3. Valora a igualdade na toma de decisións e rexeita estereotipos e prexuízos sexistas. 	<ul style="list-style-type: none"> ● CCEC ● CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ● IGUB1.2.1. Compara os modelos de comportamento que representan homes e mulleres no seu contorno (familia, escola, amizades...) e analiza como inflúen no proxecto de vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ● CAA ● CCEC ● CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ● IGUB2.1.1. Nomea distintos estados emocionais e pon exemplos en situacións reais ou simuladas de relacións afectivas con trazos negativos ou de dependencia. 	<ul style="list-style-type: none"> ● CCL ● CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ● IGUB2.1.2. Distingue distintos tipos de relacións afectivas entre persoas (amizade, atracción, relación de parella) a partir de situacións dadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ● CCL ● CAA ● CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ● IGUB2.1.3. Identifica modelos de relación tradicionais de parella a partir de exemplos reais que propoñan ou situacións simuladas. 	<ul style="list-style-type: none"> ● CAA ● CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ● IGUB2.1.4. Compara distintos modelos de relacións, a partir de diferentes produtos audiovisuais (curtas, series de TV, música...), identifica os seus condicionamentos e valora a diversidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ● CAA ● CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ● IGUB3.6.1. Identifica actitudes positivas propias ou no seu contorno situacións de cambio que conduzan á igualdade entre os sexos. 	<ul style="list-style-type: none"> ● CAA ● CSC

	<ul style="list-style-type: none"> IGUB3.6.2. Realiza propostas para conseguir a ampliación de dereitos e acadar así a igualdade real e efectiva, así como a visibilidade social da muller. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSIEE CSC
Unidade 7: No camiño a unha sociedade igualitaria	<ul style="list-style-type: none"> IGUB1.1.1. Observa as diferenzas nas escollas entre mulleres e homes en situacións reais no ámbito do lecer (xogo, deporte...). 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB1.1.2. Analiza as causas que determinan as escollas das mulleres e dos homes. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB1.1.3. Valora a igualdade na toma de decisións e rexeita estereotipos e prexuízos sexistas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB3.1.1. Identifica fitos na consecución de dereitos ao longo da historia da humanidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB3.2.1. Compara a adquisición dos dereitos por parte das mulleres e dos homes e recoñece as situacións discriminatorias que dan lugar á vulneración de dereitos humanos a través de exemplos concretos: dereito ao voto, á educación, á representación pública... 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB3.3.1. Busca e selecciona mostras da desigualdade por razón de sexo e xénero a través de diferentes exemplos: na división sexual do traballo, acceso ao mundo laboral, salarios, masculinización e feminización dos perfís profesionais, corresponsabilidade no ámbito doméstico, uso desigual dos espazos e aproveitamento dos tempos de ocio, uso das novas tecnoloxías, feminización da pobreza... 	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB3.3.2. Valora os dereitos acadados para o desenvolvemento e a autonomía persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB3.3.3. Participa de maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CSIEE CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB3.6.1. Identifica actitudes positivas propias ou no seu contorno situacións de cambio que conduzan á igualdade entre os sexos. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB3.6.2. Realiza propostas para conseguir a ampliación de dereitos e acadar así a igualdade real e efectiva, así como a visibilidade social da muller. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSIEE CSC
Unidade 8: Os rostros da	<ul style="list-style-type: none"> IGUB2.1.1. Nomea distintos estados emocionais e pon exemplos en situacións reais ou simuladas de relacións afectivas con trazos negativos ou de dependencia. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC

violencia machista	<ul style="list-style-type: none"> IGUB2.1.2. Distingue distintos tipos de relacións afectivas entre persoas (amizade, atracción, relación de parella) a partir de situacións dadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB2.1.3. Identifica modelos de relación tradicionais de parella a partir de exemplos reais que propoñan ou situacións simuladas. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB2.1.4. Compara distintos modelos de relacións, a partir de diferentes produtos audiovisuais (curtas, series de TV, música...), identifica os seus condicionamentos e valora a diversidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB2.2.1. Identifica e diferencia distintos ámbitos da sexualidade a partir de exemplos reais ou simulados axeitados para a súa etapa evolutiva, recoñecendo estereotipos culturais e posibles desigualdades. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB2.2.2. Compara os roles do home e da muller nas relacións afectivas e sexuais no modelo dominante a través de imaxes ou vídeos propostos. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB2.3.1. Identifica condutas e estratexias de respecto e comprensión nas relacións afectivas e sexuais a partir de casos prácticos ou debates. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB2.3.2. Procura fórmulas para resolver os conflitos a través da escoita activa, a asertividade, a empatía e o diálogo construtivo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB2.3.3. Identifica as posibilidades que ofrecen as TIC como medio de comunicación e interacción entre iguais a través de exemplos comúns e utilizaas sen incorrer en desigualdades nin riscos para a propia integridade e a dos demais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB2.3.4. Participa de maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando de xeito igualitario. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CSIEE CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB3.6.1. Identifica actitudes positivas propias ou no seu contorno situacións de cambio que conduzan á igualdade entre os sexos. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSC
	<ul style="list-style-type: none"> IGUB3.6.2. Realiza propostas para conseguir a ampliación de dereitos e acadar así a igualdade real e efectiva, así como a visibilidade social da muller. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSIEE CSC
<ul style="list-style-type: none"> IGUB4.1.1. Identifica e xerarquiza feitos, actitudes e comportamentos discriminatorios e relacións coa 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	

	violencia machista.	<ul style="list-style-type: none"> • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB4.2.1. Identifica algúns tipos de violencia a partir de exemplos diversos e clasifícaos (violencia psicolóxica, física...). 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB4.2.2. Recoñece o ciclo da violencia a partir de situacións de agresións propostas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB4.3.1. Recoñece os sinais de alerta que permiten distinguir un caso de violencia machista, identifícaos en casos prácticos e denuncia as condutas violentas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSIEE • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB4.3.2. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CSIEE • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB4.4.1. Busca exemplos da trata de persoas e da escravitude sexual nos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CSIEE • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB4.5.1. Realiza un produto (cartel, folleto, presentación, artigo xornalístico, blog...) que expoña de xeito sinxelo e positivo mensaxes e propostas de solución para afrontar as situacións de violencia machista. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD • CAA • CSIEE • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB4.5.2. Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva nas súas intervencións orais e producións escritas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
Unidade 9: Mudando a pel	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB1.1.2. Analiza as causas que determinan as escollas das mulleres e dos homes. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB1.1.3. Valora a igualdade na toma de decisións e rexeita estereotipos e prexuízos sexistas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB3.5.1. Identifica os recursos lingüísticos que contribúen a visibilizar as mulleres no discurso a través do uso dunha linguaxe inclusiva. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA • CSC
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB3.5.2. Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva nas súas intervencións orais e producións escritas. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL
	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB3.6.1. Identifica actitudes positivas propias ou no seu contorno situacións de cambio que conduzan á igualdade entre os sexos. 	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CSC

	<ul style="list-style-type: none"> • IGUB3.6.2. Realiza propostas para conseguir a ampliación de dereitos e acadar así a igualdade real e efectiva, así como a visibilidade social da muller. 	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSIEE • CSC
--	--	---

3. Descrición da aula virtual

Cada unha das nove unidades didácticas divídese nos seguintes apartados:

- Manual da Unidade: contén, fundamentalmente, un texto de 4 ou 5 páxinas por unidade, que pode entenderse como o libro de texto da materia.
 - Propostas de traballo: contén recursos para a posta en práctica e a avaliación dos contidos. Estes recursos son, fundamentalmente, un proxecto, un videofórum, dúas ou tres lecturas e rúbricas de avaliación para o alumnado e o profesorado. Algunhas unidades contan tamén con actividades de ampliación.
 - Actividades: inclúe actividades autoavaliáveis e actividades de tipo lúdico como encrucillados ou sopas de letras.
 - Outros recursos: inclúe un glosario, un apartado con recomendacións de bibliografía e filmografía para adolescentes e persoas adultas e outro apartado en que se recollen os materiais de internet que amplían os contidos do manual.

Ademais, ao inicio da aula virtual colocáronse outros materiais, como unha enquisa para a avaliación da aula virtual por parte do profesorado e outra para o alumnado, un cuestionario de coñecementos previos ou o Manual da materia.

3.1. Manual da unidade

O Manual desenvolve os aspectos básicos da materia. Pensamos nun texto breve (cada un dos nove capítulos ten entre 750 e 1000 palabras) para que se puidese traballar nunha sesión. Procuramos que fose de fácil lectura (enunciados curtos, vocabulario sinxelo) aínda a pesar da complexidade dalgúns conceptos que se tratan.

O Manual acompáñase ao inicio de cada unidade dun cadro (co título “Para comezar”) cunha serie de preguntas que pretenden detectar o nivel de coñecementos previos do alumnado. Ao cabo de cada unha das unidades un novo cadro (co título “Para reflexionar”) pretende comprobar a adquisición dos contidos por parte das/dos estudantes. Ambos cadros están pensados para axudar á/ao docente a guiar un intercambio de ideas entre o alumnado. Certas preguntas poderían ser respondidas por escrito sen grande dificultade, certas outras requiren a guía da/do docente.

Como en case todos os materiais desta secuencia didáctica, quixemos ofrecer a maior cantidade posíbel de recursos en rede. Nos distintos textos observáronse frase subliñadas e marcadas en azul: son ligazóns a materiais en rede que afondan en aspectos concretos da nosa exposición. Atopáronse tamén algúns termos marcados en negra e subliñados: picando na ligazón accédese á súa definición no vocabulario da unidade.

Na Aula Virtual o Manual está preparado para que se abra como un arquivo pdf. Con todo, as/os docentes poden acceder, coma sempre, ao arquivo en versión odt. Desde este arquivo poderán editar o texto ao seu gusto.

A maiores, algunhas unidades didácticas incorporan materiais particulares, como:

Cadros de coñecementos previos: na Unidade 2 e na Unidade 7 consideramos que a análise dos coñecementos previos do alumnado podía partir de cadros en que o alumnado expón o seu coñecemento sobre algúns referentes femininos.

Mapas conceptuais: son recursos de elaboración propia que traducen visualmente conceptos complexos e susceptibles de confusión.

Téñase en conta que na redacción do manual –como de todos os materiais desta secuencia– empeñámonos en empregar unha linguaxe inclusiva. Procuramos usar termos xenéricos (“alumnado”, “profesorado”, etc) e cando isto non for posíbel, optamos pola solución as/os. Existen outras solucións lingüísticas que forman parte do acervo feminista (substituír a morfema flexivo de xénero por “x” ou “@”, por exemplo). Independentemente da nosa posición persoal ao respecto, consideramos que un manual escolar debe empregar sempre linguaxe formal e, por tanto, utilizamos a solución inclusiva de consenso entre as autoridades lingüísticas.

3.2. Propostas de traballo

Son os recursos con que poñer en práctica e avaliar os contidos de cada unidade. Trátase dos recursos seguintes:

a) Proxecto

Os proxectos toman como referencia a Aprendizaxe-Servizo e a Aprendizaxe Baseada en Proxectos. Neste sentido, propóñense actividades relacionadas con cada un dos temas onde a iniciativa e o traballo do alumnado é o elemento fundamental.

Estes proxectos teñen un produto final pensado non só como elemento de aprendizaxe, senón tamén en función do seu impacto na comunidade educativa, posto que entendemos que a materia debe aspirar sempre a conseguir a igualdade no centro educativo e na contorna.

Aínda que non especificamos a temporalización dos proxectos, entendemos que a maior parte deles precisarían de catro ou cinco sesións de traballo para a súa realización. A nosa recomendación é que o profesorado e o alumnado escolla de entre eles os que lle resulten máis atractivos.

b) Videofórum

O videofórum toma unha peza audiovisual como referencia para o debate e a ampliación dos contidos propostos en cada tema. Tendo en conta o tempo do que dispón a materia, procuramos que se tratase de pezas curtas, que se puidesen visualizar e discutir no transcurso dunha única sesión. En todo caso, o profesorado e o alumnado atopará no “Para ampliar” outros recursos audiovisuais que empregar na aula.

c) Lecturas

Neste apartado reunimos un mínimo de dous ou tres textos que serven para reflexionar e afondar nos contidos da unidade. Procuramos que houbese materiais de múltiples tipos. Encontráranse textos clásicos da literatura, mais tamén fragmentos de ensaios e, sobre todo, artigos xornalísticos que dan idea do pulso da actividade feminista na actualidade e da súa recepción na sociedade.

Téñase en conta que as lecturas están traducidas ao galego por nos, agás onde se indique expresamente. Así mesmo, raramente conservan rigorosamente a súa forma orixinal, senón que realizamos adaptacións e simplificacións do texto onde cumprise, co gallo de facilitarmos a lectura.

d) Actividades de ampliación

Este recurso só esta dispoñíbel na Unidade 2 e Unidade 8. Elaborámolo para aquelas unidades onde a brevidade do manual ou a especificidade das propostas de traballo deixaba fóra cuestións significativas.

Recóllense baixo este epígrafe actividades de elevada dificultade (pola capacidade de razoamento e o tempo de traballo que requiren) que perseguen afondar no coñecemento dalgúns aspectos concretos da materia.

e) Rúbricas de avaliación

Neste apartado atoparanse dous cadros. O primeiro deles recolle unha rúbrica para que o alumnado avalíe a súa propia aprendizaxe. O segundo quadro contén unha rúbrica para o profesorado. As rúbricas están adaptadas ao traballo de cada unha das unidades. Avalían, en cinco graos, os seguintes *item*:

- Manexo dos conceptos da unidade
- Interiorización dos conceptos
- Participación na aula
- Lecturas
- Proxecto: produto final
- Proxecto: traballo de equipo
- Proxecto: traballo individual

3.3. Actividades

As actividades non só pretenden avaliar ao alumnado, senón aumentar o seu dominio teórico e práctico dos conceptos básicos da unidade. Dentro deste apartado distinguimos dúas categorías principais:

a) Actividades autoavaliáveis

Son probas elaboradas sobre o modelo predefinido da plataforma Moodle. Todas as preguntas son avaliadas de maneira automática pola plataforma, de tal maneira que ao entregar o exame a/o alumna/o e a/o docente coñecerán inmediatamente a puntuación.

Se se pretende empregalas como probas escritas da materia, unha vez descargada a Aula Virtual é moi importante que se oculten ao alumnado, para que non poida realizalas antes da data determinada polo/a profesor/a.

As preguntas que nel figuran están baseadas no texto do Manual da Unidade. Será necesario dominalo para poder responder con eficacia ás preguntas.

En ningún caso as preguntas calcan os textos do manual, posto que se pretende avaliar a capacidade de razoamento e o coñecemento práctico antes que a capacidade memorística. Moitas delas poden ser resoltas por simple dedución. A tipoloxía máis habitual das preguntas é a seguinte:

- Escolla múltipla. Nestas preguntas ofrécense varias opcións ao alumnado, que debe decidir cal ou cales son correctas sobre a situación dada.
- Verdadeiro/Falso. Téñase en conta que outorgamos a estas preguntas, por liña xeral, un cuarto da puntuación das outras, por consideralas de doada resolución.
- Resposta curta. Requírese do alumnado que escriba un texto curto como resposta a unha pregunta dada. Nas respostas, procuramos contemplar a variedade de respostas que a/o estudante pode dar á pregunta. Con todo, non estaría mal que se repasase

manualmente a súa corrección, para asegurarse de que respostas válidas non son avaliadas como incorrectas.

- Coincidentes. Ofrecer ao alumnado un termo ou situación que debe asociar cun conxunto de respostas posíbeis.
- Arrastrar e colocar no texto ou seleccionar as palabras que faltan. Son dous tipos de preguntas diferentes, mais co mesmo obxecto: seleccionar, de entre un conxunto de termos posíbeis, as palabras máis adecuadas para completar un texto da nosa elaboración.
- Arrastrar e colocar na imaxe. Sobre unha imaxe dada, requiren da/do alumna/o que coloque unha serie de termos.

O profesorado é libre de quitar preguntas ou introducir outras novas, alterar a puntuación, etc. Todas as preguntas teñen igual valor, agás as de Verdadeiro/Falso, ás que se deu unha cuarta parte do valor das demais preguntas. Téñase en conta que se traballou unicamente con tipos de preguntas que puidesen ser avaliadas de xeito automático polo sistema, polo que non se contemplaron preguntas como as de tipo “Ensaio”, que deben ser corrixiadas pola/o docente.

b) Actividades de carácter lúdico

As outras actividades que completan o apartado toman a estrutura de xogos xerados polo Moodle, como O aforcado, Sopa de letras ou O encrucillado. Serán útiles para preparar as actividades autoavaliáveis, mais tamén para un mellor dominio dos conceptos da materia.

3.4. Outros recursos

a) Glosario

Cada unidade dispón do seu propio glosario, onde se recollen termos básicos do vocabulario feminista. As entradas do glosario úsanse para compoñer as actividades lúdicas que sinalamos no punto anterior e fan parte das actividades autoavaliáveis.

As entradas do glosario poden consultarse desde o Manual da Unidade: son termos que figuran en negra e dispoñen dunha ligazón directa. Téñase en conta que, unha vez descargada a aula virtual, será necesario actualizar esta ligazón, tal e como se explica nas “Instrucións para a descarga e instalación” que acompañan a esta aula virtual.

b) Para ampliar

En Para ampliar apartado inclúense materiais bibliográficos e audiovisuais moi diversos, destinados tanto ao traballo do alumnado como do profesorado.

En “Libros para adolescentes” encontraranse suxestións de narrativa relacionada coa igualdade de xénero. Procuramos unha selección de libros moi variada: atoparanse libros clásicos destinados ás/aos estudantes con maior nivel de lectura e outros libros pensados para un público infantil, que poden funcionar ben coas/cos estudantes con máis dificultades.

No apartado de “Curtametraxes” incluímos, fundamentalmente, audiovisuais de breve duración que reforcen aspectos concretos da unidade. As/Os docentes que gusten de traballar a través do audiovisual poden traballar a través del os conceptos básicos da materia. Salvo erro ou omisión, todas as curtametraxes que se recollen teñen o permiso das/dos autores para a súa emisión na aula.

O apartado “Películas” ten o mesmo sentido que o anterior, só que neste caso trátase de audiovisuais de longa duración.

“Recursos na rede” está pensado para as/os docentes que queiran ampliar o seu

coñecemento sobre os conceptos básicos. Tamén se pode utilizar para deseñar proxectos de aprendizaxe ou para mostrar ao alumnado o vínculo dos conceptos que se tratan na materia co debate público.

En “Libros para persoas adultas” recolleemos unha bibliografía básica sobre distintos aspectos que atinxen á igualdade de xénero. Estes libros formaron parte do material que utilizamos para a redacción do manual das unidades didácticas.

c) Vídeos e ligazóns no manual da unidade

Recóllense neste punto todos os vídeos e ligazóns a artigos xornalísticos e páxinas web que completan o Manual da Unidade.

4. Metodoloxía e estratexias de atención á diversidade e á convivencia

O material que propoñemos excede con moito as posibilidades de traballo que ofrece unha materia cunha carga lectiva dunha hora semanal. O noso obxectivo é proporcionar materiais de traballo para moitas máis sesións de traballo e, polo tanto, ningunha presión debe sentir o profesorado de esgotalo por completo. Queremos que o profesorado da materia poida acoutar e personalizar as actividades de aprendizaxe que mellor se axusten ás necesidades do alumnado e a súa práctica docente. Moito do material que aquí propoñemos é interdisciplinar e podería ser utilizado, quer que fose de maneira puntual, nas titorías ou en materias como Valores Éticos, Xeografía e Historia, Lingua e Literatura ou en calquera outra circunstancia que o precisase. Igualmente pensamos que tamén sería válido para materias como Sociedade inclusiva ou Coeducación para o século XXI, materias de libre configuración autonómica que está previsto implantar no ensino secundario no curso 2018/19.

De todas maneiras, cremos sinceramente que *Igualdade de xénero* debería ser unha desas materias que facilitase o cambio metodolóxico do que tanto se vén falando na literatura didáctica. En ningunha materia coma esta o coñecemento teórico que non vaia acompañado dun cambio nas actitudes da comunidade educativa resulta absolutamente estéril. Nese sentido, permitímonos insistir na relevancia dos proxectos. Como se verá, este recurso educativo está presente en todas as unidades. En conxunto, os nove proxectos ofrecen suficiente material de traballo para un curso lectivo, centrados nunha metodoloxía activa na que o/a profesor/a actúa como guía de aprendizaxe apoiándose nos demais materiais da unidade. Os proxectos pretende contribuir ao desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe transformadoras adaptadas á realidade de cada centro.

Polo propio carácter da materia, os contidos están dirixidos a unha mellora da convivencia dentro da comunidade educativa. Trátase de empatizar coas vítimas, de comprender a ocultación sufrida polo colectivo feminino ao longo da historia e de planificar e incorporar estratexias que sirvan para superar esta situación. As reflexións sobre este colectivo poden ser facilmente trasladadas a outras situacións de discriminación e opresión.

Nunha materia que busca incidir especialmente sobre as actitudes cara a diversidade do alumnado, a observación directa por parte da/do docente é instrumento de avaliación primordial. Para facilitar a cuantificación dese proceso ofrecemos en cada unidade unha rúbrica de avaliación con dous apartados, un para o profesorado e outro para que o alumnado analice as súas propias aprendizaxes. Entendemos que nesta materia, quizais máis que en ningunha outra, a avaliación debe servir como medida da interiorización dos contidos, a fin de que a/o docente poida facer as modificacións oportunas no proceso de ensino-aprendizaxe no sentido

de priorizar unha aprendizaxe significativa. Desta maneira, todos os recursos de traballo que se incorporan á proposta (manual da materia, lecturas, vídeos...) contan con guías para que o profesorado poida realizar intercambios de ideas onde comprobar a interiorización dos conceptos por parte do seu alumnado.

5. BIBLIOGRAFÍA

- BRANSFORD, John; BROWN, Ann; COCKINGK, Rodney (editores): *How People Learn: Brain, Mind, Experience, and School: Expanded Edition*. National Academy Press, Washington, 2000 (consultada a versión dixital en <https://www.nap.edu/read/985>)
- BRANSFORD, John; DONOVAN, Suzanne (editores): *How Students Learn: History, Mathematics, and Science in the Classroom* (consultada a versión dixital en <http://www.nap.edu/catalog/10126.html>)
- NGOCI ADICHIE, Chimamanda: *Todos deberíamos ser feministas*. Penguin Random House, Barcelona, 2015.
- SALAZAR, Octavio: *El hombre que no deberíamos ser*. Planeta, 2018
- SAURET, Teresa (coordinadora): *Historia del arte y mujeres*. Universidade de Málaga, Málaga, 1996.
- SEGARRA, Marta; CARABÍ, Angels (editoras): *Nuevas masculinidades*. Editorial Icaria, Barcelona, 2000.
- VV.AA.: *Aprendizaje servicio (ApS). Educación y compromiso cívico*. Graó, Barcelona, 2009.
- VV.AA.: *El aprendizaje basado en proyectos (ABP) en ciencias sociales*, nº 82 da revista Íber. Graó, Barcelona, 2016.
- VV.AA.: *Gamificación para aprender ciencias sociales*, nº 86 da revista Íber. Graó, Barcelona, 2017.
- VV.AA.: *O traballo por proxectos en infantil, primaria e secundaria*. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2009.